# Guía docente

# Título superior de deseño

### Especialidade: Deseño de interiores

### Disciplina: Proxectos de deseño de interiores I

Modelo. Guía docente. Ver. 01. 01/09/2015.

# Índice

**1. Identificación e contextualización ........ 3**

**2. Descrición da disciplina ........ 3**

- 2.1 Descritores ........ 3
- 2.2 Relación con outras disciplinas de contidos progresivos. ........ 3
- 2.3 Interese da disciplina para a consecución dos obxectivos da titulación ........ 3
- 2.4 Metodoloxía ........ 4

**3. Obxectivos ........ 4**

**4. Competencias que se desenvolven na disciplina ........ 5**

- 4.1 Competencias transversais ........ 5
- 4.2 Competencias xerais ........ 5
- 4.3 Competencias específicas da titulación ........ 5

**5. Organización dos contidos ........ 5**

- 5.1 Contidos ........ 5
- 5.2 Organización ........ 6

**6. Procedemento de avaliación ........ 6**

# Identificación e contextualización

| Datos da disciplina | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Escolas** | Escola de Arte e Superior de Deseño " Ramón Falcón". Lugo. | | | | |
| **Web escolas** | www.escoladeartelugo.com | | | | |
| **Mail escolas** | info@escoladeartelugo.com | | | | |
| **Materia** | Proxectos de deseño de interiores | | | | |
| **Disciplina** | **Proxectos de deseño de interiores I** | | | | |
| **Carácter** | Obrigatoria na especialidade | **Tipo** | Teórico-práctica | **Duración** | Anual |
| **Curso** | Segundo | | | **Créditos ECTS** | 16 |
| **Horas de clase semanais** | 6 | | | | |
| **Horas de traballo non presencial** | 168 | | | | |
| **Horas de titoría** | 16 | | | | |

# 2. Descrición da disciplina

## 2.1 Descritores

Proxecto e investigación. Proxecto e comunicación: técnicas de representación.

Estudo analítico dos usos, produtos e servizos.

Vivenda e deseño de espazos interiores para o hábitat: condicionantes funcionais, espaciais, técnicos, estéticos, económicos e comunicativos.

Criterios de innovación e sustentabilidade.

Métodos de investigación propios da materia.

Modelo. Guía docente. Ver. 01. 01/09/2015.

## 2.2 Relación con outras disciplinas de contidos progresivos.

Esta disciplina ten contidos progresivos coas de Proxectos de deseño de interiores II de 3º curso e con Proxectos de deseño de interiores III de 4º curso.

## 2.3 Interese da disciplina para a consecución dos obxectivos da titulación

Reflexionar acerca da natureza e proceso creativo da Arquitectura.
Indagar acerca dos contidos xenéricos do concepto **habitar** como actividade arquitectónica que procura a construción física de mundo privado do suxeito.
Entender o hábitat como feito arquitectónico e patrimonial.
Anteproxectos residenciais sinxelos.

## 2.4 Metodoloxía

### Actividades introductorias

Explicación aos alumnos/as do desenvolvemento da materia ao longo do curso, incidindo nas competencias e nos contidos que se traballan, a metodoloxía e o sistema de avaliación.

### Exposición maxistral

Explicación por parte do profesorado na aula dos contidos dos temas ou unidades didácticas enumeradas.

### Prácticas presenciais

Resolución por parte do alumnado dos exercicios prácticos propostos en cada tema, a partires dos contidos teóricos.

### Prácticas non presenciais

Resolución por parte do alumnado das actividades e problemas propostos nalgúns temas mediante traballos autoxestionados onde completará os coñecementos teórico-prácticos.

### Exposición e debate

Exposición e defensa por parte do alumnado de algún dos traballos realizados o longo do curso.

### Titorías docentes

A súa finalidade é resolver dúbidas, tutelar e coordinar as prácticas.

### Actividades de avaliación

- Formativa.
  - Comprende o funcionamento cognitivo fronte as tarefas.
  - Adaptar os procesos aos progresos e dificultades.
- Sumativa.
  - Comprobar si se adquiriron as competencias previas.
  - Establecer balances dos resultados.

### Actividades complementarias

Actividades realizadas para complementar a formación, academicamente dirixidas, relacionadas cos contidos e realizadas no centro ou fora del.

# 3. Obxectivos

Acadar as competencias trasversais, xerais e específicas da titulación durante o desenvolvemento da disciplina.

# 4. Competencias que se desenvolven na disciplina

## 4.1 Competencias transversais

T2 Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.

T3 Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.

T8 Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.

T14 Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións via bles.

## 4.2 Competencias xerais

X2 Dominar as linguaxes e recursos expresivos da representación e a comunicación.

X3 Establecer as relacións entre a linguaxe formal, a linguaxe simbólica e a funcionalidade expresiva.

X19 Demostrar capacidade crítica e saber formular estratexias de investigación.

X22 Desenvolver unha linguaxe plástica propia.

Modelo. Guía docente. Ver. 01. 01/09/2015.

## 4.3 Competencias específicas da titulación

EI1 Xerar e materializar solucións funcionais, formais e técnicas que permitan o aproveitamento e a utilización idónea dos espazos interiores.

EI4 Analizar, interpretar, adaptar e producir información relativa á materialización dos proxectos.

EI5 Resolver os problemas estéticos, funcionais, técnicos e construtivos que xurdan durante o desenvolvemento e a execución do proxecto.

EI16 Desenvolver a capacidade de analizar o espazo e os factores que o modifican a través de casos prácticos.

# 5. Organización dos contidos

## 5.1 Contidos

Aspectos esenciais da arquitectura: Forma e función, significación, impacto, circulacións.

O proceso metodoloxico da proxectación. A comunicación do proxecto.

A vivenda: actividades esenciais do habitat, condicionantes espaciais, ergonómicos, culturais, normativos e técnicos

Vivenda e rehabilitación: Criterios. Dimensión cultural e sustentable da rehabilitación.

Vivenda e innovación: retos e paradigmas na vivenda do futuro.

Vivenda e outros usos compatibles.

Deseño específico de espazos e elementos da vivenda

## 5.2 Organización






# 6. Procedemento de avaliación

A ensinanza é de caracter presencial e asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por ano académico, ordinaria e extraordinaria.